



Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

REAL
FILHARMÓNÍA
DE GALICIA

2018 → 2019

VENRES 10
MAIO 2019

20.30 h

Auditorio de Galicia

Ciclo de piano Ángel Brage

Wayne Marshall Director e Piano



PROGRAMA

I

GEORGE GERSHWIN (1898-1937)

Abertura de Strike up the Band! (Que soe a Banda!) (7')

Concerto para piano en Fa maior (31')

Allegro

Adagio - Andante con moto

Allegro agitato

Wayne Marshall, piano

II

YORK BOWEN (1884-1961)

Sinfonía núm. 1 en Sol maior, op. 4 (31')

Allegro Assai

Larghetto

Finale - Allegro con brio

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 25 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal director invitado

Jonathan Webb

Director asociado

Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Yulia Petrushevskaya
Claudio Guridi
Anna Alexandrova
Daniel Kordubaylo
Michal Ryczal
Ilya Fisher
Victoria Jurov
Ildikó Oltai

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Gyula Vadaszi
Kiyoko Ohashi
Samira Ajkic
Irina Gruia
Elina Viksne
Helena Sengelow
Enrique Roca

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Ionela Ciobotaru
Ane Aguirre
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher
Teresa Cardoso (R)

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Ailsa Lewin
Millán Abeledo
Thomas Piel
Milagros García (R)

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Oriol Xicart

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **
Marta Gómez ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Avelino Ferreira (R)
Martín Alves ***

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **
Jorge Ripoll ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Diego Fernández ***

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Germán Latorre ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **
Rodrigo Iglesias ***

TROMBÓNS

Rubén Prades (R)
José Ramiro Pérez (R)
Marcos Dorado (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Gonzalo Zandundo ***
José Antonio Trigueros (R)
Marta Prado (R)
Roberto Oliveira (R)

ARPA

Alba Barreiro (R)

PIANO

Simona Kantcheva (R)

WAYNE MARSHALL

Director e Piano

O director, organista e pianista británico Wayne Marshall é director titular da Orquestra Sinfónica da Radiotelevisión de Colonia, así como organista e artista asociado do Bridgewater Hall de Mánchester. Foi nomeado principal director convidado da Orquestra Sinfónica de Milán Giuseppe Verdi en 2007 e é un recoñecido intérprete da obra de Gershwin, Bernstein e outros músicos norteamericanos do século XX.

En 2017 debutou coa Orquestra Filharmónica Checa e dirixiu a *Swing Symphony* de Wynton Marsalis, ámbolos dous concertos televisados en directo. Debutou tamén dirixindo a Filharmónica de Oslo no Festival de Jazz da mesma cidade. En recital tocou por primeira vez no Davies Hall de San Francisco como organista. Na temporada 2017-18 fixo a súa aparición no Lotte Hall de Corea do Sur e traballou coa Filharmónica de Luxemburgo nun concerto con Dianne Reeves e a súa banda. Este exitoso concerto tamén se realizou no Palacio de Belas Artes de Bruxelas.

Como organista tocou no Bridgewater Hall, Konzerthaus de Viena, Davies Hall, Lotte Hall, Three Choirs Festival, Dortmund Konzerthaus e no concerto de órgano inaugural da Filharmónica de París. En maio de 2018 actuou e presentou a Gran Gala de Órgano do Royal Albert Hall de Londres, xunto a organistas do talle de Olivier Latry e David Briggs. Tamén tocou coa Sinfónica de Seattle.

Como recitalista interpreta un repertorio variado e actúa en todo o mundo. En 2004 ofreceu o recital inaugural de órgano no Walt Disney Concert Hall de Los Ángeles. Recentemente tocou na Catedral de Mónaco, Filharmónica de Luxemburgo, Notre-Dame de París, Royal Albert Hall, Basílica de San Cástor e no Gran Teatro Nacional de Beijing. Como pianista e director ten colaborado con orquestras de renome como a Orquestra Sinfónica da Radio Suíza, Filharmónica de Los Ángeles na estrea mundial de *A Scotch Bestiary* de MacMillan, Orquestra Sinfónica da Radio de Múnic e Filharmónica de Berlín baixo a batuta de Sir Simon Rattle e Claudio Abbado. Como pianista é un colaborador

habitual da Orquestra Sinfónica de Londres e os seus compromisos futuros inclúen concertos coa Sinfónica Nacional de Dinamarca e a Filharmónica de Róterdam.

Participa con regularidade nos BBC Proms. Na temporada 2016 apareceu como solista no Ten Pieces Prom. Entre as súas actuacións destacan a estrea no Reino Unido de *A Scotch Bestiary, Last Night* nos Proms de 1997 e *First Night* en 2008. En 1998 dirixiu *Porgy e Bess* durante a celebración do Centenario de Gershwin e foi premiado co BBC Young Musician.

Ten gravado para numerosos selos e obtivo un premio ECHO (Deutscher Schallplattenpreis) polo seu CD *Gershwin Songbook*. En 2004 recibiu un Doutoramento Honorario da Universidade de Bournemouth e en 2010 converteuse en membro do Royal College of Music. En 2016 foi galardoado co Premio Independence Golden Jubilee polo seu servizo excepcional no Reino Unido.

George Gershwin (1898-1937)

Como dicíamos o pasado mes de febreiro, este autodidacta neiorquino de Brooklyn empezou escribindo ragtime, jazz e outros ritmos populares, aínda que sempre quixo ser concertista de piano, para o que recibíu clases de Charles Hambitzer, quen lle inculcou o gusto polos clásicos ata Debussy e Ravel, recoñecidos como unha duradeira influencia. A finais da década de 1910 Gershwin compuxo algunhas melodías que se fixeron moi populares, como *Do it again* á que puxo letra Buddy DeSylva, e lle deron a oportunidade de escribir o seu primeiro musical para Broadway, *La-La-Lucille* (1919). O seu inmediato éxito levouno a outros moitos títulos, entre eles, *Strike up the Band*, unha peza composta en 1927 para o musical do mesmo nome con letra das cancións do seu irmán Ira, unha sátira mordaz sobre a política estadounidense, a guerra, as grandes empresas, o militarismo, as relacións exteriores... Un guión de George S. Kaufman cuxa trama xira en torno a un home de negocios que intenta persuadir ao goberno para que vaia á guerra con Suíza polos aranceis sobre o

queixo e que, nunha versión posterior, foi substituído por chocolate. Aínda que o musical foi do gusto da crítica, non tivo moito éxito entre o público, pero esta versión instrumental fíxose moi popular. Revisada en 1930, esta abertura é a máis longa e complexa das escritas por Gershwin para os seus espectáculos de Broadway.

A pesar do seu triunfo como compositor, nunca cesou no seu afán de compor traballos destinados a salas de concertos e en 1924, Paul Whiteman encargoulle unha obra para interpretar coa súa orquestra de jazz no seu concerto 'Un Experimento de Música Moderna', unha obra para a que un Gershwin moi novo (aínda inseguro do seu don natural para a melodía e o manexo da cor orquestral) pediu axuda a Ferde Grofé para a orquestración resultando ser *Rhapsody in Blue*, unha obra que acadou máxima popularidade debida a súa orixinalidade formal e brillantez. A raíz do éxito de *Rhapsody*, a Sinfónica de Nova York encargou a Gershwin un 'verdadeiro concerto' para piano no que segundo o propio compositor demostraría que a obra anterior non era un feliz accidente como moitos pensaban senon que viña dun lugar onde había moito máis. Así xurdiu o *Concerto para piano en Fa maior* que, xa orquestrado por el mesmo, sorprende pola súa tradicional forma, pola distribución en tres movementos e a estrutura destesvolvendo en moitos aspectos á sonata ou ao tema con variacións. O *Allegro* inicial está a medio camino entre a fantasía e a forma sonata. É o máis orixinal e rico en contido temático, comeza cunha ampla introdución orquestral cuxa entrada corre a cargo dos timbais, os metais e as madeiras entrando no mundo da música americana con certo tema procedente do charleston. Os timbais pecharán a introdución para dar paso ao piano que introduce o segundo tema como se dunha improvisación jazzística se tratase. O movemento central é puro blues, presenta unha atmosfera nocturna poética na que a trompeta expón o tema principal e o piano rompe o lirismo do momento contaxiando a toda a orquestra. Violín, trompeta, frauta e piano reparten o protagonismo ata rematar este *Adagio*. O final é un rondó cheo de ritmos, comezando con violencia,volvendo ao tema do *Allegro* inicial e mantendo o dinamismo ata os últimos compases cun rotundo acorde final.

York Bowen (1884-1961)

York Bowen foi un neno prodixio que cando alcanzou a adolescencia xa era un competente compositor e un experimentado pianista de concerto, sendo nomeado aos vinte e cinco anos profesor da Royal Academy, alternando as tres facetas. Considerado como un dos compositores máis importantes do seu país ata rematada a Primeira Guerra Mundial, en realidade o seu éxito non foi o esperado, a pesar de que compuxo catro sinfonías, outros tantos concertos para piano, un concerto para violín, outro para viola e numerosas pezas de cámara; ademais foi eloxiado por Saint-Saëns e impresionou ao excéntrico crítico Kaikhosru Sorabji. A *Primeira Sinfonía* foi escrita mentres Bowen, que entón tiña dezaoito anos, estudaba xunto a Arnold Bax na Royal Academy of Music. Trátase dunha obra en tres movementos expresiva nun estilo que se debe máis a Mendelssohn e Schumann que a calquer outro modelo británico do século XIX. A fascinante introdución alude á riqueza compositiva que está por chegar; o primeiro movemento é atractivo, sinxelo e reflicte a confianza da precocidade do compositor ademais de incluír un fermoso e elegante segundo tema. Ao longo do movemento, a puntuación é transparente e brillante; algo que caracteriza toda a peza. Respecto da sinfonía o escritor e compositor Robert Matthew-Walker fai referencia á "calidez natural de expresión" particularmente sinalable no *Larghetto* que abre cun delicioso tema para o clarinete -repetido máis tarde no óboe- e todo o movemento parece cantar de principio a fin. O material da abertura, con cordas e solos de vento alternando plácidos momentos para os metais, do animado e atractivo final, sona a scherzo e pouco máis adiante presenta un breve pasaxe que lembra tanto a Schumann que semella unha cita directa. A mestría de Bowen na orquestración dunha ampla paleta de cores é impresionante e o compositor resiste a tentación de producir grandes e prolongados clímax, de xeito que cando aparece a orquestra completa o efecto é poderoso.

Xoves 23 de maio

20.30 h

SENDEIROS DA GLORIA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Nicolas Altstaedt, director e violoncello

M. Ravel, *Le tombeau de Couperin*

D. Shostakovich, *Concerto para violoncello
núm. 1 en Mi bemol maior, op. 107*

F. S. Kelly, *Elexía para orquestra de cordas
"En memoria de Rupert Brooke"*

F. J. Haydn, *Sinfonía núm. 100 en Sol maior
"Militar" (Unha das sinfonías Londres)*

19.45 h

Conversando con ... Nicolas Altstaedt

Mércores 29 de maio

20.30 h

POMPA E REVOLUCIÓN

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Luis Iglesia, narrador

Coro feminino do Orfeón Terra a Nosa (Miro
Moreira, director)

E. Elgar, *Pompa e circunstancia, marcha
núm. 1 en Re maior, op. 39*

E. Smyth, *Marcha das mulleres (himno do
movemento sufraxista feminino)*

J. Rathbone, *Balada da prisión de Reading
(para narrador e orquestra, a partir do
poema homónimo de Oscar Wilde)*

E. Elgar, *Variacións Enigma, op. 36*

19.45 h

Conversando con ... Paul Daniel e Luis
Iglesia



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura